

amo por todas esas pequenas cousas  
choro por todas esas pequenas cousas  
enfádome por todas esas pequenas cousas  
sinto por todas esas pequenas cousas

vivir de impulso en impulso  
para ver no punto no que todo se xunta  
reboando todo o que me fai sentir  
deixando de lado todo o demais

nalgúns intres ata esas cousas desaparecen  
ensombrécense por todo o que non son elas  
desexo que formes parte de todo o que quero  
que sexas unha cousiña que levar no meu peto

sempre un sorriso me sacan  
esas pequenas cousas  
mais ti que fas por min?  
porfa convértete na miña gran felicidade

as pequenas cousas en realidade son grandes  
pero nin a máis mínima me das  
soamente me deixas esquecida nas  
pequenas cousas

coma un neno que deixas esquecido  
na sección de xoguetes  
e que en realidade o que non querías  
era que te molestara

pero non tes de que preocuparte  
eu seguirei aquí observando as pequenas cousas  
así cando veñas poderei velas todas en ti  
porque o pequeno eclípsase polo grande

eu son só unha nena  
mais non xogo con bonecas  
xogo simplemente coa miña mirada  
ese xoguete non mo quitaran

non me fagas sentir porque xa non me importa  
cousas pequenas  
cousas pequenas  
cousas diminutas

eu mais non ti  
nas cousas pequenas  
cousas diminutas

miradas de ledicia  
cousas diminutas

cousas insignificantes que significan máis